



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

CASA DE GUIOMAR

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.946241, -8.772031

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Goián

Lugar: Avenida Ordóñez

Cronoloxía: 1919 (1901)

Construtor: descoñecido

Promotor: Lorenzo Fernández.

Propiedade: privada

Uso actual: habitada

Estado de conservación: bo

Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular. Como na maioría dos casos, esta casa está recebada e pintada ocultando a cachotería, agás na parte baixa da fachada principal que foi desprovista do recubrimento inicial nun momento posterior a súa construción. Destacan as partes máis nobres: cercado perimetral dos vans, claves, pilastras laterais, cornixa e liña de imposta tanto polo material como polo relevo dos diferentes elementos.

A disposición tamén segue un esquema bastante habitual: está estruturada en dous andares ben diferenciados no exterior grazas a liña de imposta. Na fachada principal presenta tres vans en cada un deles, rematados, na parte superior por arcos escarzados e na inferior por arcos de medio punto soportados por pilastras anexas. Destaca o traballo de forxa realizado nas reixas dos balcóns e nos tímpanos dos arcos inferiores. O conxunto remata cun ático abalastrado con vasos nas esquinas que lle da monumentalidade. Na súa parte central leva inscrita a data de construción (1901) e as iniciais do promotor («L F»). Todos estes elementos conforman un edificio de carácter ecléctico, que acusa influencias americanas e historicistas.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: GOI-08

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA